

Salvador Pérez Fróiz "Salva"

XEFE DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA DE CRTVG

1956 (Gondomar) - 2011 (Santiago de Compostela)



Irreparable

Nun amigo pensar, cando non está, e fas exercicios de memoria, e ao final de todo evitas plasmar ningún deses accesos emotivos porque te conquista a sensación, non sei se fiable ou mentireira, de que non serías quen nin sequera de aproximarte ás súas sombras, de que mellor está todo agochado dentro sen expoñerse ao efecto oxidante do aire, coma se fora un diálogo interior de un consigo mesmo e co amigo como testemuña. É o que a min me pasa con Salva. Salvador Pérez Fróiz. Un amigo ao que xa non podo acudir porque marchou, e talvez está durmindo, como di a miña filla de todos os que

non están. É imposible evitar a certeza da angueira imposible: retratar nun folio en branco unha imaxe sequera aproximada, necesariamente impresionista e abstracta, para que quen non o coñecera ou quen o coñecera de oídas saiba un pouco quen era e comprenda por que é unha irreparable inxustiza que xa non estea entre os vivos. A ausencia dun ser humano é irreparable, por iso gardamos un espazo cálido na memoria para llelo ofrecer como fogar ao mortos que nunca se van de nós e nos habitan nas formas máis fermosas que damos imaxinado. Nese espazo de múltiples dimensións, aí mesmo, sei que

Salva segue moi vivo mentres os que o tivemos por amigo así o queiramos. E quereremos. Eu lévoa visto varias veces polos corredores da TVG, cos brazos acompañando un camiñar pousado e seguro, un ollar bondadoso agochado por timidez tras as lentes, un sorriso tan intelixente como irónico e unha voz disposta a me convidar a un café ou a botar un cigarro fóra, aínda que xa faga tempo que eu non fumo. Cada vez que o vin vir cara a min nestes últimos meses desexei que das súas faccións redondas coma a perfección que imaxinou Aristóteles xurdise a gravidade un chisco nasalizada da súa voz e rompese a tiranía

PAPEIS DA
ACADEMIA
GALEGA DO
AUDIOVISUAL

XULLO 2011 / XUÑO 2012

OBITUARIO

328 / 329

ÍNDICE

< ANTERIOR SEGUINTE >

10 ANOS DA ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
X PREMIOS MESTRE MATEO
A NOVA TV
A FORMACIÓN
AS PRODUCCIÓNS
OS FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO



ÍNDICE:
OBITUARIO

do tempo pasado para dicirme que todo fora unha proxección dalgún universo paralelo, que aquí todo seguía o seu curso e que el estaba. Entón non lle faría ningún comentario repugnante sobre o mal hábito do tabaco.

Salva foi Lingüista da TVG. Tamén nesa condición participou nalgunha produción audiovisual. Del é o maior mérito do excepcional traballo que catro actores cataláns de primeira magnitude, como Roger Casamajor, Marc Cartes, Jordi Banacolocha e Olalla Escribano, realizaron en versión orixinal en lingua galega na película "A Mariñeira". Pero foi moito máis ca unha relación profesional brillante coa lingua. Nunca lle souben de ningún inimigo, de ningunha desafección no lugar en que compartimos traballo durante un cuarto de século, na TVG. E non porque non fose belixerante ou vehemente, que o

Salvador Pérez Fróiz estivo aquí. Notámolo ben. Unha mañá veu a visitarnos a terrible noticia de que deixara de respirar, de que o seu corazón xa non latía, de que talvez na súa cara quedaba para sempre impreso aquel sorriso de bondade vencedora de toda dor e das múltiples dimensións do sufrimento. Desde aquela mañá, os días por aquí son diferentes. En ocasións, algúns compañeiros e compañeiras visitamos e compartimos recordos vivos. Ese exercicio de memoria comunal actúa como analxésico ante a dificultade de asumir unha ausencia. E ademais crea en nós a idea, talvez inxenua pero necesaria, de que mentres nosoutros falamos de Salva el andará por algún sitio dándolle voltas á cabeza, gozando de bo rock'n'roll, lendo boa literatura, vendo boas películas, poñendo en exercicio a súa confianza no raciocinio e no dominio da ciencia sobre

"Algo me di que desde algún lugar inaccesible a conciencia de Salva observa a porta de Tannhäuser cun sorriso tan luminoso coma os raios C, cuxa composición, sen dúbida, coñece desde sempre"

era fervorosamente, pois, amais de coñecela, cultivala e respectala, amaba a lingua galega como só se pode amar aquilo que nos fai ser o que somos: as nosas paisaxes emotivas, os sonhos, o futuro. Na TVG, Salvador desenvolveu un traballo extraordinario. A súa dedicación ao corpus lingüístico das informacións e das transmisións deportivas talvez nunca mereza un premio nin un recoñecemento de ningunha academia audiovisual nin doutra caste, pero posúe unha transcendencia social imborrable e crecente. Unha enorme parte dese traballo xa foi absorbida socialmente, xa é patrimonio de todos os falantes, e apenas é un anaco pequeno do que Salvador Pérez Fróiz lle entregou á lingua. Durante unha pequena temporada tamén dirixiu o Servizo de Normalización Lingüística da CRTVG, a mesma pequena temporada que o SNL existiu como tal.

Será imposible que Salva desapareza da memoria de quen seguimos estrañando os seus pasos firmes polos corredores de San Marcos ou polas rúas de Compostela e de Oroso.

a escuridade, gozando das pequenas cousas que a vida nos vai ofrecendo no seu transcorrer vagaroso, amando a súa xente, indignándose ante as inxustizas, sangrando se é preciso no seu amor incondicional a unha lingua que tantas veces nos insinúa a necesidade da atención e do agarimo dun meniño indefenso. E por aí segue andando Salva, seguro.

Eu non son persoa dada a crer en máis paraísos ca os que os seres humanos sexamos capaces de conquistar, e nunca deixarán de ser imperfectos, madia leva. Non teño o costume, por tanto, de citarme no ceo cos meus mortos queridos. Desexo que o seu ceo sexa a memoria dos amigos e das persoas máis próximas. Pero algo me di que desde algún lugar inaccesible a conciencia de Salva observa a porta de Tannhäuser cun sorriso tan luminoso coma os raios C, cuxa composición, sen dúbida, coñece desde sempre.

E así será mentres o tempo non nos devore como a chuvia fai coas lágrimas.

Antón Dobao